

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CURSO 2021-2022

**C.P.I. PLURILINGÜE "ANTONIO ORZA COUTO"
FORTE - BOQUEIXÓN**

ÍNDICE

Introdución/contextualización	4
Contribución da materia ao logro das competencias básicas	6
Metodoloxía.....	7
Materiais e recursos	8
Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria	8
Obxectivos xerais de área	10
Adaptación da programación á situación COVID-19	11
Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe.....	12
Secuenciación temporal dos contidos.....	55
Procedementos, instrumentos e pautas de cualificación.....	55
Atención á diversidade	56
Atención ao alumnado repetidor	57
Actividades de reforzo e ampliación	57
Procedementos e instrumentos de avaliación	57
Estratexias de traballo dos temas transversais	60
Programa para a recuperación de materias pendentes	61
Tratamento do fomento da lectura	63
Tratamento do fomento das TIC	64
Accións de contribución ao plan de convivencia	64
Implicación da materia no logro das Competencias	65
Actividades complementarias e extraescolares	67
Mecanismos de revisión e avaliación da programación didáctica	67
Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	68

INTRODUCCIÓN/CONTEXTUALIZACIÓN

A lingua debe ser entendida, esencialmente, como un vehículo de comunicación e de interacción social, así como o medio con que unha persoa desenvolve as súas capacidades intelectuais, cognoscitivas e afectivas, ademais do signo de identidade dunha sociedade.

O obxectivo fundamental desta etapa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social, o que hoxe, nunha sociedade da información en continuo cambio, supón modificar e ampliar as tarefas da clase de lingua castelá e literatura máis alá das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, fundamentalmente literarios. No século XXI, temos que aceptar un novo concepto de alfabetización: saber cando e por que se necesita información, onde enconrala, e como avaliala, utilízala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así en obxectivo do ensino da lingua. Só o seu logro lles permitirá aos cidadáns e cidadás participar eficazmente na sociedade do coñecemento.

A lingua castelá e literatura ten entre as súas finalidades específicas o desenvolvemento das habilidades lingüísticas de escoitar, comprender e producir enunciados de forma oral e escrita apropiados ás diversas situacións de comunicación. Para acadar con éxito estas destrezas, ademais do coñecemento da estrutura da lingua para a súa utilización no discurso, necesítase obter información, saber asimilala, e planificar o mellor modo de comunicala atendendo a un contexto e finalidade concretos. Así mesmo, a adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

Ao ser esta competencia comunicativa un requisito imprescindible para a aprendizaxe, a lingua é un instrumento fundamental no desenvolvemento das outras materias que compoñen o currículo, polo que se converte nun elemento determinante do labor educativo que reverte na propia materia e nas demais, co que se fai necesaria unha coordinación coa materia de lingua galega e literatura e coas demais linguas do centro. Conseguir os obxectivos nesta área implica, polo tanto, non só a adquisición da capacidade lingüística - comunicar e relacionarse, creación do propio pensamento, entender e respectar a súa cultura e outras culturas - senón tamén o dominio do instrumento esencial de aprendizaxe, que permitirá a adquisición das outras competencias.

Existen tres destrezas nucleares do ámbito lingüístico que na práctica coinciden cos bloques propostos no currículo e que son: falar e escoitar, que supón ser competente na expresión e comprensión de mensaxes orais en situacións comunicativas diversas; ler, que supón ser competente para comprender e usar textos diferentes con diferentes intencións comunicativas; e escribir, que supón ser competente para compoñer diferentes tipos de texto e documentos con distintas intencións comunicativas. Ponse o acento nas competencias para elaborar e intercambiar textos orais e escritos diferenciados e axeitados a situacións comunicativas específicas, que respondan a intencións diversas cun uso correcto da linguaxe. Estas tres habilidades nucleares integrarán os elementos do currículo nos distintos bloques de contido que, aínda que, aparecen como bloques, se conectan entre si e son interdependentes.

O bloque 1. Comunicación oral: Escoitar, e falar, refírese a habilidades lingüísticas orais e ten como base o diálogo e o intercambio de experiencias, interacción que facilita o desenvolvemento de posibilidades individuais, co que o proceso de ensino-aprendizaxe é en si tan importante como o resultado final. Partirase dos usos que

da lingua fan os alumnos e alumnas buscando unha ampliación significativa do léxico e a axeitada aplicación a cada situación comunicativa.

O bloque 2. Ler e escribir, refírese ás habilidades lingüísticas escritas, con moitos aspectos comúns coa lingua oral, polo que se deben interrelacionar e apoiar mutuamente, aínda que neste segundo bloque se incrementará progresivamente a dificultade dos textos, coa adquisición de técnicas lingüísticas, en distintos soportes, mantendo a coherencia e respectando as normas gramaticais e ortográficas e, se é o caso, tipográficas. Partirase da actividade comunicativa que o alumnado exercitou na etapa anterior para que afonde e perfeccione as técnicas aprendidas. Proporcionaranse ferramentas para o desenvolvemento das capacidades necesarias de maneira progresiva, ampliando os contidos e sen perder de vista a diferenza entre o imprescindible e o desexable.

O bloque 3. O coñecemento da lingua, refírese ao estudo formal do sistema lingüístico, á necesaria reflexión sobre o uso da lingua recapacitando sobre as súas formas e mecanismos.

O bloque 4. Educación literaria, necesitará dos contidos dos bloques anteriores, especialmente da lectura; esta concíbese como a aproximación a textos literarios axeitados á idade do alumnado, o achegamento á expresión artística, ao valor patrimonial das obras literarias, e o aprecio polo feito literario como feito lingüístico; sen perder de vista a progresión dos contidos, os intereses do alumnado e os coñecementos adquiridos previamente. Para este labor partirase de textos significativos atractivos e, mediante a lectura e a composición escrita, favoreceranse a comprensión e expresión do seu mundo interior e do que os rodea, a eliminación de estereotipos lingüísticos, e o respecto á idiosincrasia de cada cultura e de cada pobo.

A progresión dos contidos deberá adaptarse ás capacidades e intereses dos estudantes, o que os axudará a comprender a súa propia dinámica, a dinámica social e cultural do seu contorno, e a acadar a súa plena identidade individual e cidadá, procurando que esta reflexión estea acompañada da adquisición de destrezas que lle permitan ao alumnado autoavaliarse e corrixirse, favorecendo unha aprendizaxe autónoma. O proceso de ensino-aprendizaxe, nos bloques de contido, segue o procedemento da aprendizaxe natural, a partir do que saben e usan os e as estudantes ata que aprenden, reflexionando sobre iso e asumíndoo como propio, para poder usalo. A clase convértese no medio idóneo para levar a cabo unha metodoloxía activa coa que o alumnado resolva problemas, utilizando e compartindo información, aprendendo a autoavaliar o proceso que seguiu co fin de chegar a ser máis capaz de conducirse autonomamente. Os procedementos convértense no elemento vertebrador da área de lingua castelá e literatura, pois deben levar o alumnado ao desenvolvemento de habilidades na expresión e comprensión oral e escrita en contextos significativos, ademais de coñecer, valorar e gozar do feito literario, tendo sempre presente que os resultados, en educación, son a longo prazo, e que se concretan nunha competencia individual para a aprendizaxe posterior, dentro ou fóra das aulas. Contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.

Contextualización

O concello, onde se atopa o Centro, amosa unha estrutura poboacional con rasgos propios dunha área rural. Destaca a poboación ocupada no sector servizos e a agricultura. A gandería, baseada na pequena explotación, ocupa a numerosas persoas. A porcentaxe de poboación ocupada alcanza o 85,17%.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS

A área de lingua castelá e literatura ten como finalidade primeira a mellora da competencia comunicativa, utilizando a linguaxe como instrumento tanto de comunicación oral e escrita como de aprendizaxe e regulación de condutas e de emocións. O obxectivo central desta competencia é comprender e saber comunicarse nas diversas situacións que se xeran no ámbito social, cultural e académico, utilizando as fontes de información e os soportes que hoxe están á nosa disposición. Non se trata, por tanto, de adquirir só saberes teóricos, senón tamén saberes prácticos. Así, a linguaxe constitúese en instrumento de aprendizaxe do resto das áreas, e ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e con outras persoas, na súa forma de entender e explicar o mundo.

Como a propia lingua é unha ferramenta, temos que tentar aprenderlle ao alumnado a manexala en todas as situacións de comunicación, o que nos leva á competencia no tratamento da información e competencia dixital. O coñecemento dos sistemas e modo de operar das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e do seu uso debe capacitar ao alumnado para unha adecuada xestión da información atendendo a distintas finalidades.

Na medida na que a linguaxe é un instrumento de relación social básico semella necesario unha aprendizaxe que nos axude a comunicarnos cos demais e a comprender a realidade social do mundo no que se vive, co que se relaciona directamente coa competencia social e cidadá. De aí que as actividades da clase de lingua castelá, entendida esta como un microcosmos social, lle faciliten ao alumnado prepararse para participar de maneira construtiva nas actividades da comunidade, axudándolle a que teña unha visión crítica da realidade e adquira os coñecementos prácticos necesarios para o exercicio de valores democráticos e de dereitos civís. nesta área é importante inculcar no alumnado a necesidade de caracterizar usos do linguaxe que manifesten prexuízos raciais, sexistas ou clasistas, así como fomentar o respecto pola realidade plurilingüe de España (linguas cooficiais, caso da nosa comunidade), ademais das variedades ou diferentes rexistros que se dan en distintos colectivos sociais, xa que a miúdo o linguaxe vai asociado a estereotipos ou prexuízos culturais.

Os contidos desta área e etapa son instrumentais, e deben preparar ao alumnado para seguir adquirindo coñecementos. É fundamental o feito de que o alumnado participe activa e progresivamente na construción do seu propio coñecemento, o que evidencia a relación do área de lingua castelá e literatura coa competencia para aprender a aprender. A clase de lingua castelá pode ser, pois, a pedra angular para a adquisición dos coñecementos e destrezas necesarios para que a persoa poda aprender en calquera situación.

A relación entre esta área e a competencia en autonomía e iniciativa persoal se entronca no propio proceso de ensino-aprendizaxe, posibilitándolle ao alumnado o transformación da información en coñecemento, caracterizando o que considere oportuno, e incorporando todo aquilo que o enriqueza e axúdeo a ser unha persoa máis respectuosa e aberta. Facilitaráselle así a consecución da súa autonomía persoal e a súa

capacitación para se integrar como compoñente pleno na sociedade, asumindo valores éticos e sociais que imperan na mesma.

A competencia cultural e artística supón apreciar, comprender e valorar diferentes manifestacións culturais e artísticas, e utilízalas como fonte de gozo e enriquecemento persoal; é, en consecuencia, unha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Desde esta área trátase de capacitar ao alumnado para entender o linguaxe literario, valorar os textos, establecer relacións entre estes e o entorno no que naceron, pero sobre todo ser capaz de desfrutar da lectura.

METODOLOXÍA

Entendendo a múltiple funcionalidade da lingua e de acordo coa concepción educativa actual propónse a aprendizaxe da Lingua Castelá e Literatura dunha forma significativa, que capacite ao alumno para comprender e manexar os diversos contidos conceptuais, normas e pautas estruturais desta Área.

Propónse unha metodoloxía activa e participativa, propiciadora dun maior desenvolvemento persoal, capacidade crítica e unha relación harmónica e enriquecedora do propio individuo coa súa contorna, favorecéndose a través dos traballos individuais, en microgrupo e en macrogrupo, a análise crítica de diversas manifestacións de índole intolerante ou discriminatorio de calquera tipo e o *fomento do respecto cara á diversidade, sexa cal for o carácter da mesma.

A actividade construtiva do alumno é o factor decisivo na realización das aprendizaxes escolares. A actividade construtiva esixe unha actividade mental que lle leve a modificar e reelaborar os seus esquemas de coñecemento, e a construír a súa propia aprendizaxe. Neste proceso, o profesor actúa como guía e mediador para facilitar a construción de aprendizaxes significativas, que levan a establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas e os novos contidos.

As aprendizaxes han de ser funcionais, asegurando que poidan ser utilizados nas circunstancias reais en que o alumno necesiteos. Por aprendizaxe *funcional enténdese non só a posible aplicación práctica do coñecemento adquirido, senón tamén o feito de que os contidos sexan necesario e útiles para realizar outras aprendizaxes.

O profesor debe axustar a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilitar recursos ou estratexias variados que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades que presentan os alumnos.

A consecución das metas propostas esixe acceder aos recursos que o código pon a disposición dos falantes. Faise preciso, xa que logo, proporcionar ao alumnado un estudo do sistema que lle permita coñecer as posibilidades expresivas e oríentelle no seu uso.

A eficacia comunicativa pasa tamén pola corrección gramatical, e o desenvolvemento da competencia lingüística neste campo é esencial para alcanzar o pleno exercicio das habilidades de comunicación.

É preciso coñecer os textos literarios no seu diacronía, non por acceder meramente á historia literaria, senón por comprender a historia do propio texto, por percibilo como feito lingüístico, constreñido por limitacións de contido ou de forma, creado como produzo dun autor ou dun grupo que non é alleo, na súa produción, ás circunstancias históricas en que se compuxo.

MATERIAIS E RECURSOS

A finalidade dos materiais que se van a utilizar é a de proporcionar os coñecementos necesarios para que o alumnos realice un uso reflexivo da linguaxe e poidan aproximarse a textos da tradición literaria con certas garantías de comprensión do mundo que reflicten e dos temas e técnicas de composición empregados. Preténdese tamén desenvolver a conciencia da lingua como instrumento esencial para a expresión de ideas, emocións, sentimentos e opinións persoais, e para a recepción dos doutros, incluídos quen nolos deixaron como patrimonio común nos seus textos.

Libro do alumno, para cada un cursos correspondentes, en 1º ESO EDIXGAL: Cada unidade divídese en tres bloques, destinados ao coñecemento da Lingua (usos da lingua e estudo do sistema), á educación literaria (criterio cronolóxico e de xéneros e comentarios de texto)e a falar , ler e escribir.

Fichas de actividades de base: destinadas a consolidar os contidos traballados na clase.

Fichas de actividades de reforzo: a súa finalidade é recuperar contidos fundamentais que non foron asimilados.

Fichas de actividades de profundización ou ampliación: destinadas a despregar e profundizar nos contidos traballados.

Elaboración de traballos escritos ou orais: consultar en biblioteca, planificar, elaborar e presentar traballos escritos sobre temas previamente determinados.

Lectura e creación de textos

Medios audiovisuais

Novas tecnoloxías

Aula virtual

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre

as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS XERAIS DE ÁREA

* Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.

* Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conducta.

* Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.

* Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

* Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.

* Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.

* Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

* Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.

* Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

* Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

* Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

* Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19

Como consecuencia da evolución da pandemia que afectou ao desenvolvemento do curso, cabe indicar que a materia de Lingua castelá e Literatura é de contidos progresivos que se repiten e amplían en cursos superiores. Polo demais, e así o reflicten os resultados, as aprendizaxes imprescindibles que lle permitirán ao alumnado seguir sen dificultade a materia de Lingua castelá e Literatura o presente curso foron adquiridas.

Para a concreción das actividades de reforzo e apoio que se van propoñer ao alumnado teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles:

Ler e escribir: Ler, comprender, interpretar e valorar textos. Producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.

Coñecemento da lingua: Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe. Recoñecer e analizar a estrutura das palabras pertencentes ás diversas categorías gramaticais. Recoñecer, usar e explicar os elementos constitutivos da oración.

Educación literaria: Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. Comprender textos literarios representativos da literatura da Idade Media ata aos nosos días.

O cambio á metodoloxía non presencial, de ser o caso, esixe ter en conta fundamentalmente dous aspectos:

Alumnado con conectividade: O Departamento de Lingua Castelá e Literatura ten creada a súa aula virtual a través da que o alumnado segue as clases non presenciais con regularidade;; o alumnado de 1º ESO conta ademáis con ordenador con conectividades a EDIXGAL.

Alumnado sen conectividade: Se se detecta que algún alumno ou alumna está desconectado por diversas circunstancias ou non localizable, arbitrase o protocolo establecido que pasa por dar coñecemento ao titor quen coordinará un plan de recuperación. O Departamento poñerase en contacto a través de medios alternativos (correo electrónico, teléfono, Abalarmóbil... co alumnado afectado, e lle facilitará, de ser preciso, o material necesario en formato que se adapte ás súas circunstancias.

O material que precisa o alumnado seralle facilitado a través da aula virtual (arquivos, enlaces...). Outro material complementario e de apoio que está a ser utilizado é o libro de texto dixital ou en formato convencional, así como fichas de actividades.

CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

1º SECUNDARIA OBRIGATORIA

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo*	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo*	Competencias clave
			melloralas.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.1.1. Retén información e reconece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas. ▪ LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe. ▪ LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ▪ ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecemen- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo*	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<p>da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.</p>	<p>para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.</p>	<p>tos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.</p>		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIE 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social. ▪ B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	
Bloque 3. Coñecemento da lingua					

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo*	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. ▪ B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ ▪ ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCL ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrixer erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. 		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalida- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo*	Competencias clave
	ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.		des asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docente e do ámbito social do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
Bloque 4. Educación literaria					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura es- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Lingua Castelá e Literatura. 1º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Grao mínimo*	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ n 	e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e asúa autonomía de lectura.	pañola e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.	interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e asúa autonomía de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras. ▪ LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCEC ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa. ▪ LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CCEC ▪ CSIE

2º SECUNDARIA OBRIGATORIA

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Mínimos	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	

Lingua Castelá e Literatura. 2º de ESO					
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Mínimos	Competencias clave
	Diálogo.		tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (de-manda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.). 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
